



## PROGRAMA PICASSO MOB - ERASMUS+ (1º Bacharelato)

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa convoca, con carácter experimental, a selección de centros e alumnado matriculado en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa [Picasso Mob de intercambio individual de alumnado](#) en réxime de reciprocidade con alumnado matriculado en centros pertencentes á **Région Académique de Bourgogne-Franche Comté (Francia)** durante o curso 2023/2024. O IES Johan Carballeira ten a intención de participar neste programa de Innovación Educativa polo que a continuación resumimos as características máis salientables do programa, así coma o público a quen vai dirixido, o procedemento de selección e a documentación que o alumnado debe presentar.

A estratexia Edulingüe 2030 de internacionalización da educación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, promove este tipo de accións como chave para achegar ao alumnado galego a un contexto internacional real, tanto no ámbito académico como no da convivencia diaria. Con este obxectivo, ao alumnado galego asignaráselle un/unha homólogo/a francés/a tendo en conta, na medida do posible, as preferencias manifestadas. O alumnado galego aloxarase no domicilio dos seus homólogos durante catro semanas, acudindo ao seu centro de ensino e incorporándose ás clases fixadas no contrato de estudos. En réxime de reciprocidade, o alumnado galego acollerá no seu domicilio e no seu centro de estudos o alumnado francés durante outras catro semanas.

### Requisitos do alumnado participante:

1. Estar matriculado en 1º de Bacharelato no ano académico 2023/2024..
2. Cursar Francés Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira en 1º de Bacharelato.
3. Ter superadas todas as materias de 4º ESO.
4. Ter unha nota media mínima de 7 no expediente da ESO.
5. Ter unha nota mínima de 7 na materia de Francés en 4o de ESO.
6. Ter cursado Francés lingua estranxeira alomenos durante catro cursos ao longo da súa escolaridade e/ou estar en posesión dunha certificación B1 en lingua francesa.
7. Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte en vigor.
8. Contar coa tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE) ou no seu defecto un seguro de saúde con cobertura para o período e destino obxecto desta convocatoria.
9. Contar coa autorización familiar conforme ao Anexo II.
10. Contar cos informes favorables e o visto e prace requiridos conforme ao Anexo II.
11. Aceptar os acordos e compromisos conforme ao Anexo IV e Anexo V.
12. Aceptar as bases da presente convocatoria. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

O alumnado interesado en participar no programa Picasso Mob debe enviar á dirección de correo electrónico [erasmus.escolar@iesjohancarballeira.com](mailto:erasmus.escolar@iesjohancarballeira.com) unha solicitude que incluírá o [Anexo II](#), [Anexo III](#), [Anexo IV](#) e [Anexo V](#)

En caso de precisar calquera aclaración, poderán poñerse en contacto coa Coordinadora do Equipo Erasmus+ de Educación escolar do centro antes do venres 15 de setembro, xa que o **prazo de presentación de solicitudes do alumnado remata o domingo 17 ás 23.59h.**



[enlace á publicación](#)

